




ESPACIO LIBRE EN CAMPO DAS MANTAS

SXEL-01-02 (Pb)

CLASE DE SOLO:	Núcleo rural / Rústico	LOCALIZACIÓN NO PLANO	1/5.000	EX-02
CUALIFICACIÓN:	Sistema Xeral de Espazos Libres		1/2.000	OD-X-B3
ORGANISMO DEPENDENTE:	Concello	PRIORIDADE:		2
SISTEMA DE OBTENCIÓN:	Expropiación			
SUPERFICIES				
Superficie de acción:	16.178 m ²	CUSTOS		
Superficie de solo a expropiar:	15.939 m ²	Solo:		153.483 €
Superficie construída prevista:	---	Urbanización:		32.356 €
		Edificación:		---
		TOTAL:		185.839 €

OBSERVACIÓN:

Acción que consiste na obtención de solo e acondicionamento de terreos destinados á creación dun espazo libre no Campo das Mantas, Carnoedo, inmediato á igrexa parroquial.

Na marxe norte dispórase un área de aparcamento que resolva a demanda xerada pola presenza da igrexa e do cemiterio no momento de máxima afluencia de persoas.

A actuación deseñárase baixo criterios de integración ambiental e paisaxística e criterios de sostibilidade, primando o emprego de especies vexetais autóctonas e o uso de pavimentos filtrantes. En particular, a área de aparcamento incorporará arborado nas cabezas das prazas, como elemento de ocultación e creación de sombra sobre os vehículos.

O Plan Especial de protección, ordenación, infraestrutura e dotacións (PEPOID) de Carnoedo, establecerá as condicións precisas desta actuación consonte cos obxectivos do devandito Plan Especial e as determinacións contidas nesta ficha.

A actuación deberá ser sometida a informe da Consellería de Cultura e dos organismos sectoriais competentes en materia de paisaxe e costas.